



Guía Docente

Datos Identificativos				
			2024/25	
Asignatura (*)	Práctica Sustantiva Civil I	Código	612499004	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Obrigatoria	3
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito PrivadoDereito Público			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	www.dereito.udc.es			



Descrición xeral	<p>Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/a adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de Dereito sustantivo civil, en relación co asesoramento dos intereses encomendados, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, ao correcto exercicio da profesión neste ámbito. En particular, nesta materia estudanse os arrendamentos inmobiliarios, o réxime xurídico da propiedade horizontal e da propiedade intelectual, o réxime de protección de datos persoais e a compravenda de bens de consumo.</p> <p>1. Arrendamentos e precario.</p> <p>Obxectivos: coñecer as peculiaridades dos arrendamentos urbanos. Coñecer e aprender a aplicar correctamente o réxime de actualización de renda. Coñecer as disposicións comúns para o réxime de arrendamento de vivenda e uso distinto. Coñecer as peculiaridades dos procesos en materia arrendaticia. Distinguir as peculiaridades do xuízo de desafuzamento.</p> <p>Habilidades: distinguir as distintas partes e cláusulas do contrato de arrendamento de vivenda e a súa forma de suspensión, resolución e extinción. Redactar un contrato de arrendamento de vivenda. Saber actualizar a renda. Saber comunicar a extinción por expiración do prazo. Elixir o proceso máis adecuado aos intereses do cliente. Redactar demanda e formular oposición. Saber como poñer fin ao arrendamento.</p> <p>Actitudes: ter presente a data do contrato para asesorar ao cliente. Ter sempre presente os intereses do cliente á hora de redactar un contrato. Ter en conta as repercusións fiscais do contrato. Examinar a proba existente para a redacción da demanda e preparar a mesma. Analizar sempre a xurisprudencia existente sobre a materia.</p> <p>2. Propiedade horizontal.</p> <p>Obxectivos: coñecer a importancia do título constitutivo. Coñecer como actúan os títulos de obra nova e división horizontal no tráfico xurídico, as súas especialidades, momento de constitución, requisitos, modificación. Coñecer as formas de constitución e extinción das comunidades de propietarios. Coñecer o contido habitual, a forma de aprobación, as maiorías necesarias para a súa modificación dos estatutos das comunidades. Saber cales son os dereitos e deberes dos propietarios. Coñecer cales son e como funcionan os órganos das comunidades. Coñecer como funcionan as maiorías e as cotas de participación na adopción de acordos. Coñecer as particularidades procesales que se derivan do réxime de propiedade horizontal. Coñecer a forma de impugnación de acordos ante os tribunais. Coñecer as posibilidades de reclamación da comunidade por impago de cotas e a súa lexitimación.</p> <p>Habilidades: manexar as escrituras de obra nova e división horizontal. Diferenciar os elementos privativos dos comúns. Comprender as contas dos administradores da comunidade. Determinar o procedemento máis adecuado aos intereses do cliente. Distinguir as funcións propias do presidente e o secretario da comunidade. Distinguir entre as maiorías necesarias para os distintos tipos de acordo.</p> <p>Actitudes: afacerse a analizar os contidos das escrituras de división horizontal. Habitarse a analizar os libros de actas da comunidade. Afacerse a analizar as cláusulas dos estatutos da comunidade. Documentar convenientemente os acordos. Defender os intereses dos clientes na xunta de propietarios. Examinar a documentación comunitaria precisa para determinar as maiorías necesarias.</p> <p>3. Propiedade intelectual e protección de datos profesionais.</p> <p>Obxectivos: coñecemento da relación entre propiedade intelectual tradicional e a súa aplicación ás novas tecnoloxías. Coñecemento das entidades ante as que se tramitan as inscricións dos dereitos e as reclamacións relacionadas cos mesmos. Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal. Conceptos en materia de protección de datos. Axencia de protección: funcións, potestades e actuacións.</p> <p>Habilidades: informar ao cliente dos pasos a seguir para preservar os dereitos en materia de propiedade intelectual. Tramitar as inscricións dos mesmos. Presentar e tramitar reclamacións en defensa dos dereitos de propiedade intelectual en conflito. Identificar correctamente as obrigacións das partes en materia de protección de datos. Formulación de reclamacións.</p> <p>Actitudes: ter presentes os dereitos derivados da propiedade intelectual para o autor. Habilidade para identificar e situar correctamente os dereitos e obrigacións de cada parte. Capacidade para valorar correctamente os riscos derivados do incumprimento das obrigacións en materia de protección de datos. Asumir a existencia dun área nova de traballo da abogacía integrada polos dereitos e deberes integrados nas novas tecnoloxías.</p>
-------------------------	---



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Obxectivo xeral: a formación ten por obxecto que o alumno/a adquira as habilidades, actitudes e coñecementos en materia de dereito sustantivo e procesal civil, en relación co asesoramento dos intereses encomendados, a análise e redacción dos documentos xurídicos, dirección de procedementos xudiciais e, en xeral, ao correcto exercicio da profesión neste ámbito.

1. Arrendamentos e precario.

Obxectivos: coñecer as peculiaridades dos arrendamentos urbanos. Coñecer e aprender a aplicar correctamente o réxime de actualización de renda. Coñecer as disposicións comúns para o réxime de arrendamento de vivenda e uso distinto. Coñecer as peculiaridades dos procesos en materia arrendaticia. Distinguir as peculiaridades do xuízo de desafiuzamento.

Habilidades: distinguir as distintas partes e cláusulas do contrato de arrendamento de vivenda e a súa forma de suspensión, resolución e extinción. Redactar un contrato de arrendamento de vivenda.

Saber actualizar a renda. Saber comunicar a extinción por expiración do prazo. Elixir o proceso máis adecuado aos intereses do cliente. Redactar demanda e formular oposición. Saber como poñer fin ao arrendamento.

Actitudes: ter presente a data do contrato para asesorar ao cliente. Ter sempre presente os intereses do cliente á hora de redactar un contrato. Ter en conta as repercusións fiscais do contrato. Examinar a proba existente para a redacción da demanda e preparar a mesma. Analizar sempre a xurisprudencia existente sobre a materia.

2. Propiedade horizontal.

Obxectivos: coñecer a importancia do título constitutivo. Coñecer como actúan os títulos de obra nova e división horizontal no tráfico xurídico, as súas especialidades, momento de constitución, requisitos, modificación. Coñecer as formas de constitución e extinción das comunidades de propietarios. Coñecer o contido habitual, a forma de aprobación, as maiorías necesarias para a súa modificación dos estatutos das comunidades. Saber cales son os dereitos e deberes dos propietarios. Coñecer cales son e como funcionan os órganos das comunidades. Coñecer como funcionan as maiorías e as cotas de participación na adopción de acordos. Coñecer as particularidades procesales que se derivan do réxime de propiedade horizontal. Coñecer a forma de impugnación de acordos ante os tribunais. Coñecer as posibilidades de reclamación da comunidade por impago de cotas e a súa lexitimación.

Habilidades: manexar as escrituras de obra nova e división horizontal. Diferenciar os elementos privativos dos comúns. Comprender as contas dos administradores da comunidade.

Determinar o procedemento máis adecuado aos intereses do cliente. Distinguir as funcións propias do presidente e o secretario da comunidade. Distinguir entre as maiorías necesarias para os distintos tipos de acordo.

Actitudes: afacerse a analizar os contidos das escrituras de división horizontal. Habitarse a analizar os libros de actas da comunidade. Afacerse a analizar as cláusulas dos estatutos da comunidade. Documentar convenientemente os acordos. Defender os intereses dos clientes na xunta de propietarios. Examinar a documentación comunitaria precisa para determinar as maiorías necesarias.

3. Propiedade intelectual e protección de datos profesionais.

Obxectivos: coñecemento da relación entre propiedade intelectual tradicional e a súa aplicación ás novas tecnoloxías.

Coñecemento das entidades ante as que se tramitan as inscricións dos dereitos e as reclamacións relacionadas cos mesmos. Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal. Conceptos en materia de protección de datos. Axencia de protección: funcións, potestades e actuacións.

Habilidades: informar ao cliente dos pasos a seguir para preservar os dereitos en materia de propiedade intelectual. Tramitar as inscricións dos mesmos. Presentar e tramitar reclamacións en defensa



dos dereitos de propiedade intelectual en conflito. Identificar correctamente as obrigacións das partes en materia de protección de datos. Formulación de reclamacións.

Actitudes: ter presentes os dereitos derivados da propiedade intelectual para o autor. Habilidade para identificar e situar correctamente os dereitos e obrigacións de cada parte. Capacidade para valorar correctamente os riscos derivados do incumprimento das obrigacións en materia de protección de datos. Asumir a existencia dun área nova de traballo da abogacía integrada polos dereitos e deberes integrados nas novas tecnoloxías.

AM1	BM2	CM1
AM2	BM3	CM2
AM3	BM4	CM5
AM4	BM5	CM6
AM7	BM6	
AM9	BM9	
AM10	BM11	
AM13	BM12	



4. Compravenda de bens de consumo. Obxectivo: coñecemento do réxime xurídico propio da compravenda de bens de consumo, incluíndo as técnicas de contratación a distancia (on-line) e fora de establecemento mercantil, así coma as modalidades de financiación da mesma. Estudo do réxime de garantías e responsabilidades por incumprimentos e por danos, tanto do fabricante / produtor, coma do vendedor e, de ser o caso, do importador. Habilidades: Coñecer os mecanismos para facer valer os dereitos do comprador / consumidor, do vendedor / distribuidor e do fabricante / produtor.	AM1 AM2 AM3 AM4 AM5 AM6 AM7 AM8 AM9 AM10 AM11 AM12 AM13 AM14 AM15	BM1 BM2 BM3 BM4 BM5 BM6 BM7 BM8 BM9 BM10 BM11 BM12 BM13	CM1 CM2 CM3 CM4 CM5 CM6 CM7
---	---	---	---

Contidos	
Temas	Subtemas
1.- Arrendamentos e precario. Profs. responsables: María Asunción Jiménez de Llano Zato (avogada) e Antonio Sanz Fernández (avogado).	Contidos: arrendamentos urbanos. Lexislación aplicable e modalidades contractuais. Peculiaridades contractuais. Dereitos das partes, prazos, prórroga, renda, obras, melloras? Falta de pago, extinción do prazo. Procesos arrendaticios: xuízo ordinario e verbal. Precario: especialidades procesuais, efectos de cosa xulgada da sentenza.
2.- Propiedade horizontal. Prof. responsables: María Consuelo Sánchez Mariño (avogada) e María Asunción Jiménez de Llano Zato (avogada).	Contidos: título constitutivo: obra nova e división horizontal. Réxime de uso do edificio. Elementos privativos e comúns. Comunidade de propietarios: dereitos e deberes; funcionamento (órganos, impago de cotas, adopción de acordos); procedementos: impago de cotas, impugnación de acordos, actividades molestas.
3.- Propiedade intelectual e protección de datos persoais. Profs. responsables: Lucía Silvano Fuentes (avogada) e JM Busto Lago.	Contidos: Regulación específica dos procesos en materia de propiedade intelectual (venta ilegal de cd, dvd, top manta, descargas en liña de obras protexidas) posibilidades de oposición do demandado. Protección de datos persoais: modalidades de tutela. A responsabilidade civil como instrumento de tutela do dereito a protección de datos persoais.
4.- Compravenda de bens de consumo (Prof. responsable: J.M. Busto Lago).	1. A regulación da compravenda de bens de consumo. 2. As técnicas e modalidades da venda de bens de consumo. A venda celebrada a distancia (on-line) e fora de establecemento mercantil. 3. Réxime de conformidade e responsabilidade do fabricante, do vendedor e do importador. La seguridad de los bienes de consumo.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 B2 B3 B4 B5	19	0	19
Análise de fontes documentais	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A13 B2 B3 B4 B6 B9 B11 B12 C1 C5 C6	4	6	10
Proba de resposta múltiple	B2 B4 B5 B9 C2 C5	2	6	8



Proba de resposta breve	A2 A3 A4 A7 A9 A13 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C2	2	8	10
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A13 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B12 C1 C2 C5 C6	6	18	24
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicación por parte do profesor de materias incluídas nos contidos da asignatura.
Análise de fontes documentais	Estudo, redacción e preparación de documentos relacionados coa profesión de avogado.
Proba de resposta múltiple	Proba obxectiva que consiste en suscitar unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só una delas é válida.
Proba de resposta breve	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica, palabra, ou cifra.
Estudo de casos	Plantexamento polo Profesor de supostos prácticos e resolución conxunta e interactiva na aula, con formulación de preguntas que permitan ós alumnos argumentar e razoar sobre os coñecementos adquiridos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos Análise de fontes documentais	Tanto o estudo de casos prácticos como a asistencia a xuízos simulados implica atención personalizada por parte do profesor responsable. O Profesor resolverá a dudas dos alumnos tanto a través de titorías colectivas, coma individuais, presenciais ou ben a través de Moodle, correo electrónico ou Teams.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba de resposta breve	A2 A3 A4 A7 A9 A13 B2 B3 B4 B5 B9 B11 C1 C2	Proba obxectiva dirixida a provocar o recordo dunha aprendizaxe presentada. Preséntase un enunciado en forma de pregunta para responder cunha frase específica ou palabra.	20
Proba de resposta múltiple	B2 B4 B5 B9 C2 C5	Proba obxectiva que consiste en suscitar unha cuestión en forma de pregunta directa ou de afirmación incompleta, e varias opcións ou alternativas de resposta que proporcionan posibles solucións, das que só una delas é válida.	60
Estudo de casos	A1 A2 A3 A4 A7 A9 A10 A13 B2 B3 B4 B5 B6 B9 B11 B12 C1 C2 C5 C6	Resolución argumentada de supostos prácticos, ben na aula ou a través de Moodle.	20

Observacións avaliación

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>- Crespo Aullé, F., Guilarte Gutiérrez. V. (Dir.) (2014). Comentarios a la Ley de Arrendamientos Urbanos. Pamplona: Lex Nova - Thomson Reuters</p> <p>- Bercovitz Rodríguez-Cano, A. (Dir.) (2014). Comentarios a la Ley de Propiedad Horizontal (5.ª ed.). Pamplona: Aranzadi - Thomson Reuters</p> <p>- Bercovitz Rodríguez-Cano, R. (Coord.) (2019). Comentarios a la Ley de Propiedad Intelectual (5.ª ed.). Madrid: Tecnos</p> <p>- Troncoso Reigada, A. (Dir.) (2010). Comentario a la Ley Orgánica de Protección de Datos de Carácter Personal. Madrid: Civitas</p> <p>- Piñar Manas, José Luis (Dir.) (2016). Reglamento General de Protección de Datos. Hacia un nuevo modelo europeo de privacidad. Madrid, Ed. Reus</p> <p>- Bercovitz Rodríguez-Cano, R. (Dir.) (2020). Comentarios a la Ley de Arrendamientos Urbanos. Cizur Menor, Ed. Aranzadi</p> <p>- Busto Lago, José Manuel (Coord.) (2020). Reclamaciones de consumo. Materiales para la construcción de un Tratado de Derecho de Consumo. Cizur Menor, Ed. Aranzadi.</p> <p>Análise doutras fontes documentais, particularmente sentenzas dos distintos órganos xurisdiccionais e escritos elaborados polos avogados no exercicio diario da súa profesión.</p>
Bibliografía complementaria	<p>- Carrasco Perera, Á.; Cordero Lobato, E. y González Carrasco, Mª C. (2012). Derecho de la construcción y la vivienda. Cizur Menor: Ed. Aranzadi</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Técnicas Instrumentais/612499002
Práctica Sustantiva Civil II/612499009

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías